

## NOTA DE PRENSA

*O Colexio Oficial de Psicoloxía lembra a necesidade de psicólogos/as na Atención Primaria no Día de Loita contra a Depresión*

# Galicia precisa triplicar os/as especialistas en Psicoloxía Clínica no SERGAS para atender as necesidades da saúde mental

*Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023.-* Hoxe conmemórase o Día de Loita Contra a depresión, principal causa de discapacidade na nosa sociedade segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), que está diagnosticada ao 5,6% da poboación galega. A pesar desta elevada prevalencia, a sanidade galega non conta cos recursos precisos para dar resposta a esta problemática de Saúde Mental, polo que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) estímase que sería preciso **triplicar as prazas de Psicoloxía Clínica existentes no SERGAS** para contar cunha dotación mínima que permitise dar unha asistencia de calidade para os trastornos de saúde mental. A taxa actual está en 4 especialistas por cada 100.000 habitantes, mentres que se estima que unha taxa por debaixo de 12 psicólogos/as clínicos/as imposibilita a prestación desta asistencia sanitaria.

Ante o incremento de demanda pola poboación máis nova, en Galicia non chegan a **20 os psicólogos e psicólogas que atenden a infancia e adolescencia** nas distintas áreas sanitarias, con **listas de espera** que van desde os **6 meses** no mellor dos casos, **a máis dun ano**, segundo a área sanitaria. Cómpre ter en conta que a atención aos rapaces e rapazas é máis complexa, xa que é preciso intervir coa súa contorna (familia, centro educativo), o que implica que se precisa máis tempo no proceso terapéutico. A dotación mínima de profesionais para atender as actuais necesidades da poboación infanto-xuvenil galega situaríase entre 50 e 60 psicólogos e psicólogas clínicas, moi lonxe dos recursos actuais.

A **depresión** é un trastorno que dependendo da súa intensidade, maniféstase en diversos síntomas (psicolóxicos, físicos, cognitivos, sociais) e afecta na distintas esferas da vida das persoas, xerando un malestar significativo de quen a padece. A **terapia psicolóxica** é un dos tratamentos máis eficaces para a depresión, e para que a loita contra a depresión sexa efectiva, cómpre que a **atención psicolóxica sexa accesible** e estea próxima ás persoas para poder diagnosticala e tratala nos estadios máis temperás.

Neste sentido, a atención psicolóxica en **Atención Primaria** (que ten unha mínima implantación en Galicia) é unha das medidas máis eficaces para a prevención e o tratamento de trastornos de saúde mental, como a depresión. Isto traduciríase nunha mellor atención sanitaria, pero tamén nun importante aforro económico, xa que as enfermidades de saúde mental (como a depresión, a ansiedade ou o estrés) son a segunda causa máis frecuente de incapacidade temporal, cunha duración media elevada (por riba dos tres meses), o que ten importantes custos para a Seguridade Social.

Así mesmo, desde o COPG insítese en que é imprescindible reforzar a presenza de psicólogos e psicólogas nos distintos contextos para realizar esa abordaxe preventiva e asistencial, non só na sanidade, senón tamén nos centros de ensino de **Educación Primaria e Secundaria**, e nos **servizos sociais comunitarios** dos concellos.

**Contacto para os medios de comunicación:**

Eliana Martíns | 699 908 968 | [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)